



**Asociación
Galega de
EDITORES**

Documento sectorial

Asociación Galega de Editores

23/04/2013

1. Introducción

- 1.1 Memoria e compromiso**
- 1.2 Sector**

2. Coxuntura económica e sectorial

3. Estratexia

- 3.1. Eixo estratéxico afianzamento sectorial**
- 3.2. Eixo estratéxico de cohesión social**
- 3.3. Eixo estratéxico de proxección**

1. Introducción

1.1 Memoria e compromiso

O sector editorial galego conta con máis de sesenta anos de historia e ten no seu haber a creación do tecido empresarial que abrangue a toda a cadea de valor do libro. Os primeiros pasos da edición galega déronse coa xeración de ilustrados galegos nas primeiras décadas do século XX. No ano 1950 nace a Editorial Galaxia e nas décadas seguintes outros proxectos editoriais, de artes gráficas e de distribución.

A Asociación Galega de Editores naceu en 1983, coincidindo co proceso autonómico e coa oficialización da lingua galega, coa vontade dunha ducia de editores de normalizar e profesionalizar o sector, superando o voluntarismo que até entón o caracterizaba. No ano 2013 cumpríranse trinta anos de vida asociativa e de traballo arreo polo sector do libro. Durante ese tempo a AGE mantivo sempre a colaboración co resto das entidades da cadea de valor do libro (asociacións de autores, sector das artes gráficas, librería e distribución), así como coas administracións e institucións relacionadas directamente co sector, con singular atención á Consellaría de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coas cales se instaurou un pacto non escrito de mutua cooperación, pacto que tivo unha enorme importancia no desenvolvemento das políticas do libro en Galicia.

Durante a última década, os editores galegos puxeron en marcha numerosos proxectos de difusión do libro no marco do comercio interior como da proxección exterior, aproveitando todo tipo de foros, actividades públicas de promoción e eventos profesionais. Da AGE naceu o Simposio anual do Libro e da Lectura, como foro de debate sobre o futuro do sector; da AGE naceu o proxecto de Culturgal, que ofreceu ao conxunto da industria cultural galega como unha feira destinada a amosar ao público familiar a potencialidade de todo o sector galego, mais tamén para que fose un instrumento sólido de promoción da creación e a produción cultural realizada en Galicia.

O sector editorial galego é un sector estratéxico para o país (tal como se recoñece na Lei 17/2006 do Libro e da Lectura de Galicia), unha marca de riqueza cultural de valor intanxible incalculable, a peza máis importante da industria cultural de Galicia, por integración e representación social de toda a súa cadea de valor. Non é necesario lembrar que se a industria editorial galega non tivese existido, as obras de moitos dos nosos creadores, moitos deles ben recoñecidos, serían invisibles. O traballo realizado polo tecido editorial galego veu contribuíndo á protección da diversidade cultural, unha responsabilidade das institucións públicas como se recolle na Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural. O libro galego reforza a diversidade territorial e contribúe a ese espazo de centralidade que ten e debe ter a cultura,

unha centralidade que tamén foi recollida polo Consello de Europa, que considera a cultura como “alma da democracia”.

Grazas á industria editorial galega, Galicia conta con recoñecidos premios nacionais de literatura e os clásicos da literatura galega comezaron a formar parte da historia da literatura das linguas romances. Singular importancia tivo o recente premio nacional ao labor editorial obtido en 2012 pola editorial Kalandraka, o que constitúe un recoñecemento á excelencia do seu catálogo internacional no eido da edición infantil e xuvenil, como do conxunto do sector editorial en Galicia.

Grazas tamén á nosa industria editorial, Galicia conta hoxe coas mellores obras colectivas da nosa historia, en moitas das cales aínda se segue traballando, que contribúen, sen dúbida, ao coñecemento e divulgación da nosa cultura non só en Galicia, senón en todo o mundo.

Estas grandes obras colectivas nacen cun dobre obxectivo: por unha parte, recuperar a nosa memoria histórica a través de publicacións temáticas que sinteticen a nosa cultura; e, por outra, ofrecer o estudo da Galicia máis actual. Para nós, recuperar o pasado do pobo galego para depois mostrar a súa evolución é o alicerce que sustenta a importancia dese traballo de edición.

A Asociación Galega de Editores representa actualmente a 47 selos editoriais, o 95% do sector galego profesional. Pertencen á entidade un amplo e heteroxéneo abano de empresas, con moi diversas liñas editoriais e linguas de edición. A Asociación Galega de Editores forma parte da Federación de Gremios de Editores de España, mantendo colaboración permanente con outras entidades profesionais do sector do libro e da cultura como ANELE, Clúster da edición, librería e comercialización, Cedro, GALIX, Culturgal ou Federación de Libreiros de Galicia.

1.2 Sector

O sector editorial en galego, segundo os datos da serie estatística do ISBN, multiplicou por catorce a súa produción nas últimas tres décadas, xa que no ano 1980 publicaba 187 títulos e no ano 2010 se acadron os 2.544 títulos. Durante este período foi un sector punxente, capaz de desenvolver un amplo e diversificado catálogo, que acadou os 10.708 títulos no ano 2011, e de contribuír a desenvolver un tecido produtivo ao redor da edición en xeral en Galicia. A partir do ano 2004 a produción de títulos en galego estabilizouse arredor dos dous mil títulos anuais.

No ano 2011 a edición en Galicia baixou con respecto ao ano anterior un **28,88 %** (3.384 títulos), mentres que a edición en galego o fixo no **16,30 %** (2.130 exemplares). A edición en galego realizada en Galicia baixou o **18,60 %** (1.647 títulos), mentres que a edición en galego fóra da nosa comunidade decreceu o **6,93 %** (483 títulos). A edición en galego en Galicia supuxo o **77,32 %** do total da realizada na nosa lingua e o **48,67 %** da editada en Galicia. cifra que reflicten unha considerable diminución con respecto ás dúas décadas anteriores, xa que no ano 1990 representaba perto do 60 % e en 2000 máis do 50%.

A edición realizada por editoriais privadas supuxo en 2011 o **90,47 %** (1.927 títulos) da realizada en galego, diminuíndo nun **16,00 %** con respecto ao ano anterior. A edición pública en galego supuxo o **9,53 %** (203 títulos), a porcentaxe máis baixa da última década, decrecendo nun **18,80 %**. Dentro da edición institucional, é a realizada polas universidades (**59,61 %**) a que continúa liderando o sector, a pesar de que diminúe o **31,63 %**. A edición realizada polos organismos autonómicos, Xunta de Galicia e Consello da Cultura Galega diminuíu nun **39,28 %**, supoñendo os seus 17 títulos apenas o **0,80 %** do esforzo editorial anual en lingua galega.

As primeiras edicións supuxeron o **85,87 %** (1.829 títulos), mentres que as reedicións e reimpresións o **14,13%** (311). O número de primeiras edicións diminuíu con respecto ao ano anterior nun **18,27 %**, o que quere dicir que se reduciu o número de novidades, mentres que aumentou lixeiramente nun **1,16 %** o de reedicións e reimpresións.

A edición en galego en papel supuxo o **78,35 %** (1.669 títulos), mentres que a realizadas en soportes dixitais o **21,65 %** (461). A edición en papel diminuíu nun **28,25 %**, mentres que a edición dixital duplicouse nun **211,47%**, o que amosa unha importante ampliación desta oferta e a aceleración do proceso de substitución iniciado hai unha década.

A edición en galego de traducións supuxo o **27,10%** (577 títulos), a maior porcentaxe das dúas últimas décadas. O número de traducións descende apenas un **5,09 %**, mentres o de obras orixinais faino no **19,78 %**. O castelán continúa sendo a lingua máis traducida, **68,50 %** (395 títulos), seguida do inglés, **11,60 %** (67), e do francés 6,20 % (36).

Por ámbitos temáticos, a edición continúa concentrándose no eido escolar xa que o libro de texto co **24,50 %** (585 títulos) e a literatura infantil e xuvenil co **15,40 %** (328) representan o **39,90 %** dos títulos publicados. Porén, semella identificarse unha mudanza de tendencia xa que a edición infantil é a que máis diminúe, mesmo nun moi apreciable **40,36 %**, mentres que se incrementa nunha porcentaxe semellante a de Ciencias Sociais que xa supón o **29,30 %** do sector. Pola súa banda, a edición literaria co **20,20 %** (431 títulos) diminúe nun **36,80 %**, porcentaxe moi elevada.

Se comparamos a edición en galego coa doutras linguas oficiais, comprobamos que a nosa é a que máis descende (**-16,80%**), mentres que en castelán diminúe nun **0,13 %**, incrementándose en éuscaro nun **2,65 %** e en catalán nun **19,67 %**. Ademais, se comparamos o número de referencias de ISBN en relación ao número de habitantes de cada comunidade, comprobamos que a oferta editorial en catalán en Cataluña continúa duplicando a existente en galego e éuscaro.

Por último, os datos da nosa serie estatística concentran a oferta editorial en galego no período autonómico, sendo xa do **94,71%**. No entanto, hai unha cifra que non debe pasar desapercibida: a finais de 2011 a serie histórica do libro editado en galego acadou as **36.926** referencias.

O estudo de *Comercio interior do libro en Galicia de 2011* amosa que o sector privado en Galicia produciu no seu conxunto 3.365.000 exemplares, sendo os exemplares en galego 2.337.000, o que representa o 69,45 %. A tiraxe media do sector é de 1.560 exemplares por título, sendo a do libro editado en galego de 1.473.

A facturación do conxunto do sector foi en 2011 de **27,17** millóns de euros, o que supón o **16,1%** do mercado do libro en Galicia, mentres que a do libro en galego foi de **21,43** millóns de euros, o **13,1 %** do mercado en Galicia. Se comparamos estas cifras coas da facturación do libro en Galicia En 2009 (**33,68** millóns de euros) comprobamos unha diminución do **19,23 %**. Se a comparación a facemos co do libro editado en galego en 2009 (24,61 millóns de euros) a diminución foi do **12,92 %**. Tendencia negativa que se acentúa de forma agresiva en 2012, segundo os datos recabados entre os asociados da AGE.

As compras de novidades editoriais en lingua galega destinadas a bibliotecas públicas, reducíronse de 1.250.000 euros (2009) a 500.000 euros (2012), o que supón un recorte do 60% ao longo da última lexislatura. Redución moi significativa cando pola contra a produción editorial en galego aumentou en número de títulos no mesmo período, debido ao esforzo de

dixitalización dos catálogos acometido polos editores galegos sen ningún tipo de axuda por parte da Xunta de Galicia. A resolución da compra máis recente de novidades editoriais, correspondente á produción editorial de 2011, amosa que se precisarían triplicar os fondos destinados pola Secretaría Xeral de Cultural para cumprir o compromiso establecido pola Lei 17/2006 a este respecto.

Outrosí sucede coas axudas convocadas, ao longo de dúas décadas, pola desaparecida Consellaría de Cultura destinadas a Grandes Proxectos Editoriais e a Tradución de obras para o galego e dende o galego que viven o peor momento da súa historia, sexa polo feito de que tras a redución ao 50% do seu importe, o alongamento do pagamento dos seus importes a un terceiro exercicio sufridos no exercicio 2011.

Outrosí acontece coas axudas para a edición de materiais didácticos impresos e dixitais dirixidos ao sistema educativo non universitario convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística que pasaron dunha dotación superior ao millón de euros en 2009; a unha redución de case o 50% en 2010 (501.617 euros); a unha inaudita supresión no mes de setembro da adjudicación da convocatoria de 2011 (400.000 euros); a novas reducións en 2012 (350.000 euros) e 2013 (250.000 euros), o que supón unha redución do 75% nos últimos catro exercicios.

Por último, cómpre salientar que sector editorial privado en Galicia durante o ano 2011 mantivo 236 empregos directos, o que supón unha diminución do **25 %** en relación a 2007, aínda que seguen sendo moitos máis os empregos indirectos dentro da cadea de valor do sector, que hoxe abrangue á distribución en papel e dixital, as artes gráficas, a creación de contidos, a ilustración, a tradución e as empresas de produción dixital.

2. Coxuntura económica e sectorial

O sector editorial galego, como todos os sistemas editoriais do mundo, é moi sensible e dependente das políticas públicas. O apoio ás industrias culturais, as bibliotecas e ao fomento da lectura, ás canles comerciais, as axudas públicas destinadas a fomentar a existencia da creación e a produción de contidos, así como a divulgación e proxección desa produción, son imprescindibles para a existencia dun sistema editorial. A incerteza e a desconfianza que xera o descoñecemento ou a ausencia de canles de diálogo e de cooperación en calquera das cuestións mencionadas, contribúen a xeración de máis preocupación sectorial polo futuro do libro en Galicia.

E nese punto, lembramos o artigo 7 da Lei do Libro e a lectura no cal se recolle que “Os poderes públicos colaborarán coas editoras galegas e as súas asociacións profesionais, ás que apoiarán no seu funcionamento, naquelas actuacións que se articulen arredor da actividade editorial, no seu dobre aspecto, de ben cultural e de ben industrial e económico”, en base a cuxo contido o gremio dos editores galegos solicita o recoñecemento e posta en valor da experiencia do sector na elaboración de contidos, tamén os especialmente os destinados ao ámbito educativo, materia na que se ten demostrado sobrada competencia, así como capacidade de adaptación ás esixencias e necesidades, coxunturais ou non, ao longo de máis de vinte e cinco anos.

O sector editorial en Galicia está a facer un enorme esforzo orzamentario para dixitalizar a fabricación tradicional e para deseñar e producir novos contidos destinados á web 2.0, contando con recursos propios e cos procedentes das empresas tecnolóxicas galegas. O novo modelo esixe investimento en capital económico e humano, coa reciclaxe e capacitación profesional continua duns traballadores altamente cualificados. Uns investimentos sen retorno

a medio prazo, como demostran os datos reflectidos nos informes realizados por diversas entidades e institucións.

Por outra banda, a creación e edición das obras colectivas ou Grandes Proxectos editoriais supón un enorme esforzo material e empresarial, imposible de levar adiante sen o apoio das institucións públicas. Téñase en conta que este tipo de obras implica a nada doada tarefa de:

- Reunir e coordinar o traballo de centos de autores, expertos nas distintas disciplinas.
- Ilustrar, ás veces con fotografías únicas e case imposibles de conseguir, as distintas materias ou aspectos moi técnicos ou científicos.
- Empregar un papel de máxima calidade, unha excelente impresión e unha moi boa encadernación.

Malia a seren entidades privadas as que levan a cabo estas obras, o resultado non obstante reverte directamente na formación da cidadanía, xa que se acaban convertendo en obras de cabeceira en colexios, bibliotecas, institutos, universidades, medios de comunicación e institucións.

Até agora, todos os gobernos anteriores prestaron a súa colaboración e fixeron posible unha realidade que agora está en perigo. Nestes momentos, moitas obras colectivas están paralizadas por unha total falta de apoio institucional.

O conxunto das empresas do sector están enfrontando con enormes dificultades, as máis graves en trinta anos de existencia, esta coxuntura económica, que merma a demanda e o consumo, con reducións das vendas dalgunhas liñas de produto de ata o 40% nas canles finais de comercialización. Coincidente no tempo coa transformación produtiva xa mencionada que esixe ás empresas a compatibilidade dos dous sistemas produtivos, o tradicional e o dixital, coa complexidade que conleva. A fabricación de materiais para os soportes dixitais, un sector inmaduro e aínda incerto modelo de negocio, debe ser financiado polas empresas co retorno do libro en papel, que continua sendo, polo momento, o único modelo rendible.

3. Estratexia

Malia difícil coxuntura que se vén de expoñer, os editores galegos manifestamos a nosa firme vontade de enfrontar os retos formulados pola gravísima crise e polos cambios profundos no sistema de produción, comprometéndonos a manter e potenciar ese pacto de diálogo e colaboración institucional que sempre mantivo a Asociación Galega de Editores.

Ao fío dese compromiso e no convencimento de que “a defensa e o apoio do libro e da lectura, entendida esta na súa dimensión individual, fonte de formación e lecer, e colectiva, garante dunha sociedade libre e democrática, constitúen un deber das administracións públicas, en virtude do mandato constitucional de promover un acceso igualitario de todos e todas á cultura”, segundo recolle no Preámbulo da Lei do Libro de Galicia, propoñemos a posta en marcha de accións que contribúan á cohesión social, integración, transversalidade e proxección, imprescindibles para o sostemento e existencia do sector do libro, medidas encamiñadas á ampliar e profundizar na implicación de todos os axentes no incremento dos lectores, no afianzamento da produción galega e no consumo de libros en todas as canles de comercialización.

Para ese fin, propoñemos tres eixos estratéxicos: afianzamento sectorial, cohesión social e proxección.

3.1 Eixo estratéxico afianzamento sectorial

Liña de actuación 1: Desenvolvemento do sector do libro como sector da industria cultural de carácter estratéxico para Galicia, segundo se recolle no Preámbulo e no Artigo nº2 da Lei do Libro.

Medidas: Elaboración dun Plan Estratéxico para o desenvolvemento do libro en Galicia (2013-2015). Creación dunha liña específica de axudas da consellaría de Economía e Industria para a renovación tecnolóxica das empresas editoriais, dixitalización de contidos (Art.16.2) para a formación do seu persoal e para a promoción comercial dos seus produtos (capítulo III Art. 15).

Liña de actuación 2: Plan de apoio á rede de librarías (desenvolvendo o establecido no artigo 11º da Lei do Libro e da Lectura).

Medidas: Realización de actividades de colaboración entre libreiros, bibliotecarios e editores e apoio dos poderes públicos ás medidas que fomenten a venda do libro en galego. Renovación do modelo de Feiras do Libro de Galicia. Potenciación da celebración das efemérides do calendario do libro (24 de febreiro, 2 de abril, 23 de abril 17 de maio e “Día da Librería”). Desenvolvemento dunha ferramenta de mercadotecnia da venda en librarías que permita o seguimento comercial do conxunto do sector (editores, distribuidores e libreiros).

Liña de actuación 3: Creación do Bono Cultura, instrumento de apoio ó consumo cultural e á dinamización das canles de comercialización de produtos culturais. O bono cultura repercute na visibilización dos produtos culturais e beneficia claramente ao pequeno e mediano comercio, como xa aconteceu en outras comunidades autónomas.

Medidas: Posta en marcha de forma experimental dun bono cultura dotado con 50.000 euros para ser utilizado durante o Culturalgal 2013.

Liña de actuación 4: Plan de dixitalización dos catálogos editoriais privados.

Liña de actuación 5: Establecemento dunha comisión de traballo que aborde todos os aspectos relacionados coa **producción do libro educativo dixital**, en atención ao recoñecemento da experiencia e capacidade dos editores e que Proxecto Abalar teña en conta ao sector editorial galego.

Liña de actuación 6: Determinar un sistema áxil de adquisición trimestral/semestral de novidades editoriais en galego destinadas ás **465 bibliotecas públicas** de Galicia (desenvolvendo o establecido nos artigos 7º e 16.3 da Lei do Libro e da Lectura). A esa compra acudirán unicamente os editores profesionais e publicacións que cumpran cos requisitos de ISBN e Depósito Legal. Habilitación dunha partida orzamentaria para **actualizar a adquisición de novidades editoriais en galego** destinadas a bibliotecas públicas.

Liña de actuación 7: Creación dunha nova liña específica de axudas para a edición de grandes proxectos editoriais e obras de interese galego.

3.2 Eixo estratéxico de cohesión social

Liña de actuación 1: Ampliación e mellora da rede bibliotecaria en colaboración coas entidades locais e co Ministerio de Cultura en base a un proxecto global (desenvolvendo o establecido no artigo 22º da Lei do Libro e da Lectura).

Medidas: Creación dunha vitrina de novidades editoriais en galego en todas as bibliotecas públicas. Fomento das actividades de promoción do libro galego nas bibliotecas públicas contando coa colaboración dos editores privados e das asociacións de autores e autoras.

Liña de actuación 2: Apoio ao desenvolvemento da rede de bibliotecas escolares e de aula en todos os centros educativos non universitarios sen exclusións (Art. 13, 16.3) e promoción e fomento da creación de bibliotecas familiares (Artigo 24 da lei e programa electoral do PPG), así como dotación de fondos, instalacións e apoio á formación de persoal especializado, segundo se recolle no Artigo 21.10.

Liña de actuación 3: Campañas transversais de fomento da lectura con periodicidade semestral coa divulgación de obras de creadores galegos en todo tipo de espazos e transportes públicos, co fin de promover o coñecemento popular das obras literarias dos creadores galegos.

Liña de actuación 4: Campaña de fomento da lectura nos medios audiovisuais: Televisión de Galicia e Internet.

Liña de actuación 5: Apoio ao voluntariado de fomento da lectura.

3.3. Eixo estratéxico de proxección

Liña de actuación 1: Plan cuatrienal de tradución para o galego e publicación dun centenar de títulos corpus da literatura e do pensamento universal (desenvolvendo o establecido no artigo 6º da Lei do Libro e da Lectura). A elaboración do plan corresponderá a unha comisión técnica formada por tradutores e editores (nomeados polas súas asociacións) e técnicas da Consellaría de Cultura e Educación. Apoio á Biblioteca Dixital de Tradución da Universidade de Vigo.

Liña de actuación 2: Creación dunha Oficina de promoción da literatura e do libro galego no mundo. Esta entidade, dependente da Secretaría Xeral de Cultura, encargaríase da difusión das axudas á tradución de obras publicadas en galego a outras linguas, de organizar a presenza institucional nas feiras internacionais do libro e da información web sobre o libro e a literatura galega.

Liña de actuación 3: Creación, dentro da estrutura do IGAPE, dunha sección das industrias culturais. O seu obxectivo sería a especial atención á promoción da exportación do libro e outras industrias culturais. (Art. 19 da Lei do Libro e da Lectura).

Galicia, 23 de abril de 2013

